

b) Enderezo: paseo Manuel Núñez, número 36.

c) Localidade: Vilardevós.

d) Data: o oitavo (8º) día hábil seguinte ao de remate do prazo sinalado para a presentación de proposicións ou ofertas.

e) Hora: 12.00 horas.

12. Gastos de anuncios: por conta do/a adxudicatario/a.

Vilardevós, 19 de agosto de 2005.

Manuel Blanco Rodríguez
Primeiro tenente de alcalde

c) OUTROS ANUNCIOS

MINISTERIO DE FOMENTO

Nota-anuncio.

O 5 de xullo de 2005, a Secretaría de Estado de Infraestruturas e Planificación resolveu aprobar tecnicamente a modificación da alternativa A entre Pontevedra e San Vicente de Cerponzóns do estudo informativo do eixo atlántico de alta velocidade. Tramo Pontevedra-Portela (Pontevedra).

En virtude da antedita resolución e conforme o disposto no artigo 10 do vixente Regulamento da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, sométese a información pública a devandita modificación, por un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir da data de publicación deste anuncio no BOE para que o examinen as persoas que o desexen, que poderán formular observacións que deberán versar sobre a concepción global do seu trazado, na medida en que afecte ao interese xeral.

A información pública éo tamén para os efectos ambientais indicados no procedemento de avaliación de impacto ambiental regulado polo Real decreto lexislativo 1302/1986 e o seu Regulamento de aplicación (artigo 15).

A modificación da alternativa A estará exposta ao público en días e horas hábiles de oficina, nos locais da delegación do Goberno en Galicia (praza Ourense s/n, 15071 A Coruña) e Subdelegación do Goberno en Pontevedra (praza de España, s/n, 36203 Pontevedra), así como na Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento (praza dos Sagrados Corazóns nº 7, planta baixa, 28071 Madrid).

Así mesmo no Concello de Pontevedra estará a disposición dos interesados un exemplar da modificación antedita.

As alegacións que se formulen irán dirixidas á Subdirección Xeral de Plans e Proxecto, praza dos Sagrados Corazóns nº 7, 28071 Madrid, indicando como referencia: información pública da modifica-

ción da alternativa A entre Pontevedra e San Vicente de Cerponzóns do estudo informativo do eixo atlántico de alta velocidade. Tramo Pontevedra-Portela (Pontevedra).

Madrid, 13 de xullo de 2005.

Eduardo Molina Soto
Subdirector xeral de Plans e Proxectos



INFORMA

FUNDACIÓN PÚBLICA CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA

Anuncio.

Publícanse as listas definitivas de aspirantes que superaron as probas selectivas do tribunal I, que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios da *Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia* e nas seguintes páxinas web:

Sergas: www.sergas.es

CTG: www.ctg.es.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2005.

Azucena Castrillo Fernández
Presidente do tribunal I

CAFÉ DO REAL COOPERATIVA CULTURAL

Balance final de liquidación.

Activo

D) Activo circulante:

III. Debedores.

6. Debedores varios.....2.181,16

IV. Tesouraría.....2.708,77

Total xeral (A+ B+ C+ D+ E+)4.889,93

Pasivo

A) Fondos propios:

I. Capital social.....25.239,66

IV. Reservas300,51

V. Resultado de exercicios anteriores

1. Result. neg. exer. ant.-20.650,24

VI. Perdas e ganancias340

Total xeral (A+ B+ C+ D+ E+)4.889,93

Proxecto de distribución do activo

Provisión gastos liquidación.....400 €

Devolución capital socios.....4.489,93 €

Moaña, 15 de xullo de 2005.

Valentín Cancelas Costa
Liquidador